



Convenio para a autorización de uso temporal dun tractor, unha rozadoira de brazo e unha trituradora suspendida traseira da Consellería do Medio Rural ao Concello de Ordes para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa

Santiago de Compostela, - 1 MAR. 2019

Por unha banda, José González Vázquez, en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 99/2018 do 26 de setembro (DOG núm. 185 do 27 de setembro de 2018) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde do Concello de Ordes, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio:

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería do Medio Rural, na forma establecida no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española e no Estatuto de autonomía.





Segundo.- Dentro das funcións da Consellería do Medio Rural atópase, segundo o citado Decreto 149/2018, do 5 de decembro, o exercicio das funcións no referente á elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural co obxectivo directo da mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestrutura, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

Terceiro.- Dentro dos plans de actuacións anuais de concentración/reestruturación parcelaria e de mellora das infraestruturas rurais inclúense:

- A construción de camiños principais e secundarios para dar acceso ás novas predios de substitución, de acordo co artigo 60.2.a) da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que con posterioridade son entregadas aos concellos, pasando a ser de titularidade municipal correspondendo a eles a súa conservación e mantemento.
- A mellora da rede viaria a través dos Plans Marco de mellora de camiños de titularidade municipal.
- Actuacións directas da Consellería do Medio Rural na mellora das infraestruturas rurais mediante a sinatura de convenios de colaboración cos concellos.

Actuacións na modernización dos regadíos das Comunidades de regadores de interese xeral.

Cuarto.- A Lei 4/2015 define as masas común dos procesos de concentración/reestruturación parcelaria como un conxunto das fincas remanentes resultantes do axuste técnico para a compensación entre achegas e atribucións.

O destino e titularidade destes terreos quedan establecidos no artigo 34 da citada Lei, podendo ser destinatarios os Concellos, a Comunidade Autónoma de Galicia, sendo xestionadas pola Consellería do Medio Rural, no ano posterior á firmeza do





acordo de concentración/reestruturación e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) unha vez transcorrido este tempo.

Quinto.- Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais e prevención e extinción de incendios.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece as distancias mínimas de roza e as zonas de seguridade respecto de casas illadas e núcleos de poboación e redes primarias (infraestruturas lineais de prevención e defensa) de faixas de xestión da biomasa e de seguridade libres de maleza.

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

Sexto.- Galicia ten unha das redes viarias máis amplas de España, máis de 17.000 quilómetros, incluíndo as vías de titularidade estatal, autonómica, deputacións e concellos. Existe lóxicamente unha relación entre a lonxitude total do viario de dependencia municipal e a extensión superficial e a poboación, pero tamén outros factores inciden de maneira relevante como son a dispersión dos núcleos, o tamaño das parcelas e a orografía sendo os concellos de menos de 10.000 habitantes supón case o 65 % do total, sendo a correspondente proporción moi superior no viario interurbano que no urbano.

Sétimo.- A conservación das estradas e camiños en Galicia necesita dunha importante cantidade de recursos e de grandes esforzos. A conservación en bo estado e libre de maleza das cunetas e das marxes dos camiños e estradas é un elemento de vital importancia para manter o bo estado dos firmes e a seguridade na circulación sobre eles e para a prevención de incendios.



Oitavo.- Así mesmo, o mantemento en bo estado e libre de maleza das masas comúns das zonas de concentración/reestruturación parcelaria é unha obriga legal para o titular da masa común, neste caso as de propiedade municipal.

Noveno.- A autorización de uso temporal que se pretende con este convenio está destinada a fins de utilidade pública e interese social, conforme ao disposto no artigo 37.1 da Lei 5/2011 de Patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia, xa que a Consellería do Medio Rural quere centrar a súa actuación coa autorización de uso temporal para o seu uso en determinadas condicións e polo prazo que se fixa no presente Convenio.

Décimo.- O Concello de Ordes solicitou o 30 de xaneiro de 2019 a cesión en réxime de uso temporal dun (1) vehículo tractor novo e dous apeiros (1 rozadoira de brazo e 1 trituradora suspendida traseira). Esta autorización especial outorgase por medio deste convenio, previo informe favorable da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda do 7 de febreiro de 2019, de acordo co artigo 37.2 da Lei 5/2011 de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ambas as dúas partes acordan a sinatura do convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é fomentar o mantemento libre de maleza das infraestruturas rurais de titularidade municipal, e, de selo caso, das masas comúns de concentración/reestruturación parcelaria de titularidade dos concellos, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da autorización de uso temporal, por parte da Consellería do Medio Rural, dun (1) vehículo tractor novo e dous apeiros (1 rozadoira de brazo e 1 trituradora suspendida traseira).

Segunda.- Medios obxecto de autorización de uso temporal

A Consellería do Medio Rural autoriza ao Concello de Ordes para o cumprimento dos fins do convenio, o uso temporal de:

- Un tractor marca **VALTRA**, modelo **N114EH5**, con núm. de bastidor **YK5N114H0JS295029** e matrícula **E-7932-BGZ**.





- Unha trituradora marca **TMC CANCELA**, modelo **TDR-200** e con núm. de bastidor **HM3X20.182043.06**
- Unha rozadoira de brazo marca **ORSI**, modelo **ALPINIST 500-0 VISUAL** e con núm. de bastidor **51172**.

Así mesmo, fai entrega da seguinte documentación e medios materiais necesarios:

- Dous (2) xogos de chaves
- Dous (2) triángulos de emerxencia
- Dous (2) chalecos reflectores
- Unha caixa de ferramentas que contén:
 - Un brazo extensor para o terceiro punto
- Documentación do tractor
- Documento de conformidade CE

Terceira.- Duración da autorización de uso temporal

Esta autorización de uso temporal realízase por un prazo de dun ano (1) a partir da sinatura do presente convenio, prorrogable por un ano máis por acordo de ambas as dúas partes.

Cuarta.- Obrigas do Concello de Ordes

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o Concello/Mancomunidade comprométese a:

- Solicitar da Xefatura de Tráfico da súa provincia dentro do prazo de 30 días dende a autorización de uso temporal, a renovación do permiso ou licenza de circulación, facendo constar os datos do concello e os do transmitinte e o título de dita transmisión. O tractor non poderá circular salvo que dispoña do novo permiso ou licenza de circulación.
- Empregar o vehículo tractor coas rozadoiras nas labores de roza nos camiños e estradas de titularidade municipal así como nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa de ámbito municipal para a protección dos núcleos de poboación, e de selo caso, nas masas comúns das zonas de concentración/ reestruturación parcelaria do seu ámbito territorial de titularidade municipal.





- Empregar o tractor obxecto de convenio un mínimo de 1.000 horas ao ano, equivalente a 7 meses de traballo a tempo completo. Os apeiros empregaranse en proporción ao tractor.
- Ter o tractor e os apeiros en perfectas condicións mecánicas e de dotación, efectuando o mantemento segundo o manual e as reparacións e revisións o antes posible para garantir o seu continuo funcionamento. O material de substitución terá as mesmas características e calidades que o que trae de fábrica. Durante o tempo que dure a garantía, estes traballos realizaranse en calquera concesionario da marca do tractor ou apeiros. Todos os custos correrán a conta do concello.
- Estar ao corrente en toda a documentación do vehículo cumprindo de ser o caso, coas obrigas administrativas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguros, impostos, etc.
- O combustible necesario para a realización das labores tamén correrá ao seu cargo.
- O vehículo estará vinculado ao cumprimento desta finalidade durante a duración do presente convenio.
- Facilitar a inspección e control da Consellería do Medio Rural co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio.
- O tractor e os apeiros rozadoiras non poderán ser utilizados por aqueles concellos que xa asinaron convenio no ano 2017 ou 2018 coa Consellería do Medio Rural para a adquisición do mesmo tipo de maquinaria ou que xa a conseguiran a través do Fondo de Compensación Ambiental 2017-2018.

Doutra banda, o Concello de Ordes, previamente á sinatura do presente convenio, presentará:





- Certificado asinado pola Secretaría/Intervención na que se inclúa a relación de maquinaria pertencente ao parque de maquinaria do concello ou á mancomunidade á cal pertenza e con dereito de uso. Reflectirase o seguinte:

- Tipo de máquina
- Marca e modelo
- Núm. de serie ou núm. de chasis
- Titularidade (concello ou mancomunidade)
- Antigüidade
- C.V. (no caso dos vehículos autopropulsados que teñan como finalidade servizos forestais ou agrícolas)
- Núm. de horas de traballo (no caso dos vehículos autopropulsados que teñan como finalidade servizos forestais ou agrícolas)
- Núm. medio de horas de traballo/ano

Compromiso de contratación de persoal ou de dedicación do persoal propio do concello ou mancomunidade, para os traballos relacionados co cumprimento dos obxectivos do convenio, indicando o núm. de meses e de horas que van empregar.

- Os dous puntos anteriores irán integrados nunha planificación dos traballos obxecto do convenio na que figurará o seguinte:

Identificación de todos os bens que se pretenden rozar:

- Identificación marcando cunha liña as infraestruturas rurais de titularidade municipal presentado nun só arquivo en formato Kml de google earth.
- Identificación marcando cunha liña as redes secundarias de faixa de xestión de biomasa presentado nun só arquivo en formato Kml de google earth.
- Referencia SIXPAC ou Zona, número de Polígono e Finca de concentración parcelaria das masas comúns e arquivo formato Kml de google earth marcando o perímetro da parcela ou parcelas.
- Resumo de km totais e por anualidade de viario e de faixas secundarias de xestión de biomasa que se van xestionar (O resultado incluírá ámbalas dúas marxes)



Identificación e cuantificación dos medios materiais e humanos cos que se conta para a realización dos traballos.

- No caso de medios materiais: Número e tipo de rozadoiras ou trituradoras
- No caso dos medios humanos: número e estimación do tempo que empregarán, o número de meses e horas/día.

Cronograma dos traballos

- Reflectirá graficamente a previsión de asignación dos medios (humanos e materiais) e os km e tipo de traballo (viarío, faixa ou masa) previsto executar.

Resumo da previsión

- km rozados cada ano
 - Número de horas de traballo empregadas cada ano
 - Previsión de gastos anual (Tanto de man de obra como de material, seguros, custes de mantemento e avarías)
- Compromiso de entrega de declaración responsable antes do 15 de decembro de cada ano, dos partes ou informes de traballo executados con periodicidade anual (desde o 1 de xaneiro ata 30 de novembro). Reflectirase o número de horas de traballo do tractor obxecto de convenio e estimación dos km rozados polo mesmo (Entregarase así mesmo un arquivo en formato Kml de google earth de infraestruturas rurais de titularidade municipal e outro das redes secundarias de faixa de xestión de biomasa do xestionado. Incidencias relevantes como accidentes, avarías...
- Identificación da persoa responsable de ter o tractor e apeiros en perfectas condicións mecánicas e de uso.

Tamén será requisito, que o concello ou mancomunidade cumpra o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Quinta.- Xustificación

O Concello de Ordes estará obrigado a xustificar ante a Consellería do Medio Rural antes do 15 de decembro de cada ano, o cumprimento da finalidade do convenio



mediante a presentación da declaración responsable antes desa data, e dos partes ou informes de traballo executados con periodicidade anual (desde o 1 de xaneiro ata 30 de novembro), no que figurará a seguinte documentación:


- Número de meses e horas/mes empregados polo persoal propio do concello/mancomunidade ou contratado ao efecto, para os traballos relacionados co cumprimento do convenio. De ser o caso, fotocopia do contrato do persoal contratado ao efecto.
- Número de horas de traballo do tractor obxecto de convenio, xuntando fotografía do cadro de mandos no que se reflectan as horas.

- Identificación de todos os bens rozados:

- Identificación marcando cunha liña as infraestruturas rurais de titularidade municipal presentado nun só arquivo en formato Kml de google earth.
- Identificación marcando cunha liña as redes secundarias de faixa de xestión de biomasa presentado nun só arquivo en formato Kml de google earth.
- Referencia SIXPAC ou Zona, número de Polígono e Finca de concentración parcelaria das masas comúns e arquivo formato Kml de google earth marcando o perímetro da parcela ou parcelas.
- Resumo de km totais e por anualidade de viario e de faixas secundarias de xestión de biomasa xestionados (O resultado incluírá ámbalas dúas marxes).

- Identificación e cuantificación dos medios materiais e humanos cos que se contou para a realización dos traballos.

- No caso de medios materiais:
 - Núm. de tractores
 - Núm. e tipo de rozadoiras ou trituradoras
 - No caso dos medios humanos: Número e estimación do tempo empregado, o número de meses e horas/mes.
- Incidencias relevantes como accidentes, avarías...
 - Resumo dos traballos executados





- km rozados no ano
- Número de horas de traballo empregadas no ano
- Resumo dos gastos anuais (Tanto de man de obra como de material, seguros, custes de mantemento e avarías)

A Consellería do Medio Rural poderá verificar en campo que a información presentada se axusta á realidade.

Sexta.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétima.- Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Así mesmo, poderase resolver por renuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Ademais, por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Oitava.- Natureza

O presente convenio ten natureza patrimonial e lle son de aplicación os preceptos da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia. Está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do





Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e suplementariamente, pola normativa en materia de patrimonio.

Novena.- Seguimento, vixilancia e control

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada polo director xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería de Medio Rural, alcalde ou alcaldesa como representante do Concello e presidente ou presidenta como representante da Mancomunidade, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Décimo Primeira.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata transcorrido un ano ou, no caso de prórroga por acordo de ámbalas dúas partes, por un ano máis.

Décimo Segunda.- Tratamento de datos de carácter persoal

Queda garantida a protección de datos de carácter persoal, segundo a regulación contida no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na recente Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable


- A Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia





- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares
- Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o regulamento xeral de vehículos
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento



O conselleiro do Medio Rural

José González Vázquez



Alcalde do Concello de Ordes

Jose Luis Martínez Sanjurjo